



EXPEDIENTE 2024/E001/000010. Bases e convocatoria do proceso de selección mediante oposición de un (1) palista para o mantemento de accesos, da infraestrutura viaria e traballos relacionados coa utilidade colectiva.

Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES

21.10.2024. Por Decreto da Alcaldía n.º 352/2024, aprobáronse as bases e a convocatoria que rexen para provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de un palista para o mantemento de accesos, da infraestrutura viaria e traballos relacionados coa utilidade colectiva. a xornada completa durante seis meses.

29.10.2024. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 209)

08.11.2024. Finalización prazo presentación de solicitudes.

Solicitudes de participación:

Apelidos e nome	DNI
Framil Lea Francisco Javier	448****1A
Pereiro Mella Carlos José	332****8T

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 352/2024, polo que se aprobaron as bases e a convocatoria que rexen a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de un palista para o mantemento de accesos, da infraestrutura viaria e traballos relacionados coa utilidade colectiva. a xornada completa durante seis meses.

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe de admitidos ao proceso selectivo mediante oposición dun palista para o mantemento de accesos, da infraestrutura viaria e traballos relacionados coa utilidade colectiva, a xornada completa durante seis meses, como persoal laboral temporal.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

PERSOAS ADMITIDAS

Apelidos e nome	DNI	Acreditación CELGA
Framil Lea Francisco Javier	448****1A	SI
Pereiro Mella Carlos José	332****8T	SI

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Manuel Santiago Neira Gómez, axente ambiental no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).
- Secretario: Miguel Ángel Liste Otero motobombista e tractorista no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural)
- Vogal 1º: Manuel Rodríguez Calvo, conductor encargado tractor Concello de Touro.
- Vogal 2º: José López González, secretario-interventor do Concello de Touro.
- Vogal 3º: José Ramón Casal Orza, funcionario administrativo do Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o venres 15 de novembro de 2024 ás 10.00 horas na Casa do Concello.

CUARTO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

QUINTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Mándao e asíno o señor alcalde Roberto Castro Rocamonde en Touro na data da sinatura electrónica á marxe, do que eu, José López González, secretario-interventor dou fe.